

## NANCY WAKE

Chámome Nancy Grace Augusta Wake, nacín o 30 de agosto de 1912 en Wellington, Nova Zelandia. Son a máis nova de seis irmáns e a única filla de meus pais. En 1914 mudamos a Australia e, nese mesmo ano, meu pai abandonounos deixando a miña nai ao cargo de todos nós. Alí estiven ata os 16 anos; pois cando me graduei da escola secundaria aproveitei unha herdanza de 200.000 libras por parte de miña tía e marchei para Londres, onde estudei xornalismo. Despois duns anos trasladeime a Nova Iork. Aquí contratoume a corporación Hearst, esta deportoume como correspondente a París, Viena e finalmente a Berlín. Por desgraza, isto ocorreu no 1933 e tiven que presenciar o ascenso de Adolf Hitler (a quen entrevistei) e tamén vivín as primeiras persecucións do nazismo. Anos despois, o ambiente da sociedade do país era insufrible, polo que lle pedín ao grupo Hearst que me enviasen de novo a Francia. Neste país coñecín ao meu primeiro marido: Henri Edmond Fiocca. Cando me casei con el, o 30 de novembro de 1939, deixei o meu posto de traballo, pois o meu home era o suficientemente rico como para manternos aos dous.

Entón, Alemaña invadiu Francia. O meu marido máis eu sumámonos á Resistencia francesa\* onde eu tiña a tapadeira perfecta. Quen ía desconfiar dunha muller da clase alta que estaba casada cun gran empresario? Co tempo empecei a gañar valor e cheguei a formar unha ruta de escape polos Pirineos na que traballaban uns mil maquis\*. Con isto puidemos traspasar información dos aliados, sabotar e asasinar de xeito desapercibido. Chegou un momento no que a Gestapo\* empezou a buscar o responsable de todas aquelas accións. Comezaron coa captura e tortura da miña man dereita, Ian Garrow(o capitán inglés), pero este nin baixo tortura desvelou a miña identidade. Seguiron buscando e chegaron á conclusión de que eu era un home e puxéronme o alcume de “rato branco”. Xa dixen que eu tiña unha tapadeira case imposible de descubrir, porén, un día os alemáns capturáronme en Toulouse. Fixéronme moitas preguntas e tivéronme retida por catro días, pero conseguín convencelos de que estaba nunha viaxe de negocios que me adxudicara o meu home antes de ir á guerra, que ilusos eran!

En outubro de 1943, produciuse unha delación e os alemáns descubriron cal era o enderezo do “rato branco”, a miña casa. A Gestapo foi alí decidida e aliviada pois pensaron que xa atoparan a quen, por tanto tempo, estiveran buscando. Cando chegaron á miña casa só atoparon ao meu marido, pois eu que xa recibira un aviso previo, dirixíame a Londres para fuxir dos alemáns. Ao meu home torturárono durante días, pero el non soltou prenda, finalmente executárono; el morreu por min e eu non o souben ata o final da guerra.

No tempo que pasei en Gran Bretaña incorporeime á Dirección de Operacións Especiais\*, a miña misión, a que me adxudicaron, era: volver a Francia para

coordinar o desembarco de Normandía\*. Na noite do 29 ao 30 de abril de 1944 lanceime en paracaídas en Auvernia, deste xeito unín o exército inglés cos maquis franceses.

Esa batalla foi moi significativa na miña vida; supereime a min mesma e fixen cousas das que me cría incapaz. Conducín a miña bicicleta durante 800 Km para cambiar os códigos dun operador telefónico\* descifrado polos alemáns, dirixín numerosos ataques contra as forzas alemáns; entre eles o ataque ao cuartel xeral da Gestapo en Montluçon. Non obstante, por desgraza, un dos gardas da SS\* descubriunos e ía camiño de dar aviso aos seus superiores da nosa chegada. Tiven que matalo; degoleino coas miñas propias mans. Todos pensaredes que é unha barbaridade, pero eran tempos de guerra e eu *“matei a moitos alemáns e só me arrepiño de non matar máis”*.

Cando rematou a guerra volví a Australia, á miña cidade natal, e tentei formar parte da súa política; pero non me escolleron como deputada. En 1957 atopei o amor de novo e casei con John Melvin Forward, pero sen esquecer a Henri, que morreu para que eu estivese a salvo. Publiquei a miña propia autobiografía “O Rato Branco” e adicáronme numerosos libros e películas. Finalmente morrín o 7 de agosto de 2011, 19 días antes do meu aniversario número 100. Cremáronme, tal e como eu pedín, e as miñas cinzas foron espaxadas por Montluçon, esa cidade que me cambiou a vida.

Mirando atrás na miña vida, síntome orgullosa das eleccións que fixen; aínda que dolorosas e traumáticas, foron experiencias que me axudaron a dar exemplo a moitas mulleres. As cales non tiñan outra opción máis que quedar no fogar e realizar tarefas relegadas ao xénero feminino por norma (coser, cociñar, coidar a familia mentres os seus maridos ían á guerra).

*Baseado na historia de Nancy Wake*

Sara Martínez Quindimil  
4º ESO  
Soutelo, Olas, 29, Mesía,  
A Coruña

- Resistencia francesa: conxunto de movementos e canles clandestinas, que durante a segunda guerra mundial, continuaron a loita contra os alemáns en territorio francés trala invasión ata a liberación en 1944.
- Maquis: grupos de guerrilleiros, de homes e mulleres, que formaban parte da Resistencia francesa.
- Gestapo e SS: policía secreta oficial da Alemaña Nazi.
- Dirección de Operacións Especiais: organización creada durante a Segunda Guerra Mundial para levar a cabo espionaxe, sabotaxe e recoñecemento militar contra as Potencias da Alemaña nazi.
- Desembarco de Normandía: desembarco na costa alemá daqueles tempos, durante a Operación Overlord a partir da cal se produciu a Batalla de Normandía. Nesta loita conseguiuase a liberación dos territorios ocupados pola Alemaña nazi, un logro que acelerou o final da guerra a favor do bando dos Aliados.